# BOLETIN OFICIAL

# PARLAMENTO DE GALICIA

I LEXISLATURA 1981 I LEGISLATURA

17 de outubro de 1983 N.º 164 17 de octubre de 1983


## INDICE


| | Páx | Pág. |
|---|---|---|
| **II. TEXTOS APROBADOS** | | **II. TEXTOS APROBADOS** |
| **1. RESOLUCIONS E DECLARACIONS** | | **I. RESOLUCIONES Y DECLARACIONES** |
| **1. PROPOSICIONS NON DE LEI** | | **1. PROPOSICIONES NO DE LEY** |
| — Traslado a Galicia dos restos de Castelao. | 3456 | — Traslado a Galicia de los restos de Castelao. |
| **V. ORGANIZACION E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO** | | **V. ORGANIZACION Y FUNCIONAMIENTO DEL PARLAMENTO** |
| **f. CONVOCATORIAS** | | **1. CONVOCATORIAS** |
| — Sesión Plenaria o día 26 de outubro de 1983, ás 17 horas. | 3457 | — Sesión Plenaria el dla 26 de octubre de 1983, a las 17 horas. |

## II. TEXTOS APROBADOS

## I. RESOLUCIONS E DECLARACIONS

## 1. PROPOSICIONS NON DE LEI

### PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento de Galicia, en sesión celebrada o día 7 de outubro de 1983, no Punto 2.° da Orde do Día **aprobou a Proposición non de Lei, do Grupo Parlamentario MIXTO, a iniciativa de Don Camilo NOGUEIRA ROMAN, sobre traslado a Galicia dos restos de Castelao** (n.° 2.514, publicada no B.O.P.G. n.° 151, do 12 de setembro de 1983), **con modificacións respecto do texto orixinal, e co contido seguinte:**

"1.-O Parlamento de Galicia, como lexítimo representante do pobo galego, manifesta o seu desexo unánime de que os restos de Castelao volten a Galicia.

2.- O Parlamento de Galicia ofrece o seu apoio ás decisións que con este fin tomen os familiares de Castelao.

3.- Os anteditos fins, o Parlamento de Galicia encomenda ó seu Presidente e ó da Xunta de Galicia a realización das xestións necesarias ante a familia de Castelao e as Institucións que gardan a súa vontade na República Arxentina.

4.- Con esta resolución o Parlamento de Galicia quere manifesta-lo seu recoñecemento á figura de Castelao como defensor da nacionalidade galega e fito inesquecible na vida cultural de Galicia".

O que se publica de conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de xuño de 1982, modificado o 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. n.° 150, do 1 de setembro de 1983).

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 1983

O PRESIDENTE
**Antonio Rosón Pérez**

## II. TEXTOS APROBADOS

## I. RESOLUCIONES Y DECLARACIONES

## 1. PROPOSICIONES NO DE LEY

### PRESIDENCIA

El Pleno del Parlamento de Galicia, en sesión celebrada el día 7 de octubre de 1983, en el Punto 2.° del Orden del Día **aprobó la Proposición no de Ley, del Grupo Parlamentario MIXTO, a iniciativa de Don Camilo NOGUEIRA ROMAN, sobre traslado a Galicia de los restos de Castelao** (n.° 2.514, publicada en el B.O.P.G. n.° 151, de 12 de septiembre de 1983), **con modificaciones respecto del texto original, y con el contenido siguiente:**

"1.-El Parlamento de Galicia, como legítimo representante del pueblo gallego, manifiesta su deseo unánime de que los restos de Castelao retornen a Galicia.

2.- El Parlamento de Galicia ofrece su apoyo a las decisiones que con este fin tomen los familiares de Castelao.

3.- A dichos fines, el Parlamento de Galicia encomienda a su Presidente y al de la Xunta de Galicia la realización de las gestiones necesarias ante la familia de Castelao y las Instituciones que guardan su voluntad en la República Argentina.

4.- Con esta resolución el Parlamento de Galicia quiere manifestar su reconocimiento a la figura de Castelao como defensor de la nacionalidad gallega e hito inolvidable en la vida cultural de Galicia".

Lo que se publica de conformidad con lo dispuesto en los artículos 65 y concordantes del Reglamento del Parlamento de Galicia de 1 de junio de 1982, modificado el 14 de julio de 1983 (B.O.P.G. n.° 150, de 1 de septiembre de 1983).

Santiago de Compostela, 11 de octubre de 1983

EL PRESIDENTE
**Antonio Rosón Pérez**

## V. ORGANIZACION E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

### f. CONVOCATORIAS

**PRESIDENCIA**

A Mesa-Xunta de Portavoces, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1983, acordou **CONVOCAR SESION PLENARIA, para o próximo mércores, 26 de outubro, ás 17,00 horas,** no Pazo de Fonseca.

A **orde do día** da sesión é a seguinte:

**PUNTO 1.°**

— Fixación do número de Deputados para a defensa da Proposición de Lei de transferencia a Galicia da competencia de desenvolvemento lexislativo e a execución na materia de ordenación do crédito, banca e seguros ante o Congreso dos Deputados e elección dos mesmos.

**PUNTO 2.°.- PROPOSICIONS NON DE LEI**

— Do G. P. DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, sobre a distribución territorial dos gastos de inversión da Xunta de Galicia (n.° 2.847, publicada no B.O.P.G. n.° 154, do 26-IX-1983, páx. 3.186).

— Do G.P. MIXTO, a iniciativa de DON CAMILO NOGUEIRA ROMAN, sobre o Proxecto de Lei do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) (n.° 2.866, publicada no B.O.P.G. n.° 154, do 26-IX-1983, páx. 3.188).

**PUNTO 3.°.- INTERPELACIONS**

— De Don Camilo NOGUEIRA ROMAN, do G.P. MIXTO, sobre coordinación das Deputacións Provinciais prevista na Disposición Adicional Terceira do Estatuto de Autonomía de Galicia (n.° 2.519, publicada no B.O.P.G. n.° 151, do 12-IX-1983, páx. 3.159).

— De Don Miguel BARROS PUENTE, do G.P. DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, sobre razóns da Xunta de Galicia para non participar no presente curso na experimentación da reforma do Ensino Medio proposta polo Ministerio de Educación (n.° 2.845, publicada no B.O.P.G. n.° 154, do 26-IX-1983, páx. 3.193).

## V. ORGANIZACION Y FUNCIONAMIENTO DEL PARLAMENTO

### f. CONVOCATORIAS

**PRESIDENCIA**

La Mesa-Junta de Portavoces, en sesión celebrada el día 11 de octubre de 1983, acordó **CONVOCAR SESION PLENARIA, para el próximo miércoles, 26 de octubre, a las 17,00 horas,** en el Palacio de Fonseca.

El **orden del día** de la sesión es el siguiente:

**PUNTO 1.°**

— Fijación del número de Diputados para la defensa de la Proposición de Ley de transferencia a Galicia de la competencia de desarrollo legislativo y la ejecución en la materia de ordenación del crédito, banca y seguros ante el Congreso de los Diputados y elección de los mismos.

**PUNTO 2.°.- PROPOSICIONES NO DE LEY**

— Del G. P. DE LOS SOCIALISTAS DE GALICIA, sobre la distribución territorial de los gastos de inversión de la Xunta de Galicia (n.° 2.847, publicada en el B.O.P.G. n.° 154, de 26-IX-1983, pág. 3.186).

— Del G.P. MIXTO, a iniciativa de DON CAMILO NOGUEIRA ROMAN, sobre el Proyecto de Ley del Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) (n.° 2.866, publicada en el B.O.P.G. n.° 154, de 26-IX-1983, pág. 3.188).

**PUNTO 3.°.- INTERPELACIONES**

— De Don Camilo NOGUEIRA ROMAN, del G.P. MIXTO, sobre coordinación de las Diputaciones Provinciales prevista en la Disposición Adicional Tercera del Estatuto de Autonomía de Galicia (n.° 2.519, publicada en el B.O.P.G. n.° 151, de 12-IX-1983, pág. 3.159).

— De Don Miguel BARROS PUENTE, del G.P. DE LOS SOCIALISTAS DE GALICIA, sobre razones de la Xunta de Galicia para no participar en el presente curso en la experimentación de la reforma de la Enseñanza Media propuesta por el Ministerio de Educación (n.° 2.845, publicada en el B.O.P.G. n.° 154, de 26-IX-1983, pág. 3.193).

— De Don Antonio GATO SOENGAS, do G.P. DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, sobre o accidente ocorrido na Piscina Municipal de Antas de Ulla (Lugo) e cumprimento da normativa sanitaria nas piscinas galegas (n.° 2.844, publicada no B.O.P.G. n.° 154, do 26-IX-1983, páx. 3.191).

**PUNTO 4.°.- PREGUNTAS**

— De Don Pablo MOURE MARINO, do G.P. ALIANZA POPULAR DE GALICIA, sobre medidas tomadas para evita-la corta masiva de especies autóctonas (n.° 2.721, publicada no B.O.P.G. n.° 154, do 26-IX-1983, páx. 3.196).

Os Grupos Parlamentarios poderán presentar emendas ás Proposicións non de Lei incluídas na orde do día ata seis horas antes de se inicia-la sesión, de conformidade co disposto no artigo 161,1 do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de xuño de 1982, modificado o 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. n.° 150, do 1 de setembro).

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 1983

O PRESIDENTE
**Antonio Rosón Pérez**

— De Don Antonio GATO SOENGAS, del G.P. DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, sobre el accidente ocurrido en la Piscina Municipal de Antas de Ulla (Lugo) y cumplimiento de la normativa sanitaria en las piscinas gallegas (n.° 2.844, publicada en el B.O.P.G. n.° 154, de 26-IX-1983, pág. 3.191).

**PUNTO 4.°.- PREGUNTAS**

— De Don Pablo MOURE MARINO, del G.P. ALIANZA POPULAR DE GALICIA, sobre medidas tomadas para evitar la tala masiva de especies autóctonas (n.° 2.721, publicada en el B.O.P.G. n.° 154, de 26-IX-1983, pág. 3.196).

Los Grupos Parlamentarios podrán presentar enmiendas a las Proposiciones no de Ley incluidas en el orden del día hasta seis horas antes de iniciarse la sesión, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 161,1 del Reglamento del Parlamento de Galicia de 1 de junio de 1982, modificado el 14 de julio de 1983 (B.O.P.G. n.° 150, de 1 de septiembre).

Santiago de Compostela, 11 de octubre de 1983

EL PRESIDENTE
**Antonio Rosón Pérez**